

**RESOLUCIÓN REITORAL, DO 4 DE ABRIL DE 2019,
POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA
REDACTAR E DEFENDER EN GALEGO TESES DE
DOUTORAMENTO E PREMIOS Á CALIDADE
LINGÜÍSTICA NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E DE
MESTRADO**

A Universidade de Vigo ten como un dos seus obxectivos promover o uso da lingua galega, tal e como se proclama nos seus estatutos e na Lei do sistema universitario de Galicia. No Plan de política lingüística da Universidade de Vigo recóllese o obxectivo específico de incrementar o uso do galego nas tarefas investigadoras e a acción de continuar coas actividades de promoción dos traballos de fin de carreira e de terceiro ciclo en galego, aumentando a dotación das axudas.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, e dacordo coas bases reguladoras do Anexo I, axudas para redactar e defender en galego teses de doutoramento, e premios de calidade lingüística a Traballos Fin de Grao / Mestrado, presentados no curso 2018/2019 polo alumnado da Universidade de Vigo.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan nos taboleiros de anuncios dos rexistros xeral e auxiliares, e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 4 de abril de 2019

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)
A vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais

Mónica Valderrama Santomé

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000164

CSV

GEISER-7acb-f76c-7e97-4682-91b3-fffc-1f92-745a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

04/04/2019 12:54:00 Horario peninsular

Validez del documento

Original



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA AXUDAS PARA REDACTAR E DEFENDER EN GALEGO TESES DE DOUTORAMENTO, TFG E TFM**1. OBXECTO**

O fin desta convocatoria é incentivar o uso do galego nas teses de doutoramento, nos traballos de fin de grao (TFG) e nos traballos de fin de mestrado (TFM) realizados polo alumnado da Universidade de Vigo, así como premiarmos o esforzo e o rigor de lle dar un tratamento coidado ao idioma e incrementar o patrimonio dos textos redactados.

Convócanse:

- a. Axudas para redactar e defender en galego teses de doutoramento presentadas no curso 2018/2019 polo alumnado da Universidade de Vigo.
- b. Vinte e cinco premios como recoñecemento á calidade lingüística distribuídos entre os traballos de fin de grao (15 premios) e de mestrado (10 premios) garantindo en todo caso 2 premios por rama de coñecemento en grao e 1 premio por rama en mestrado.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá solicitar estas axudas o alumnado da Universidade de Vigo que cumpra os seguintes requisitos:

- Presentar e defender a tese de doutoramento, o traballo de fin de grao ou o traballo de fin de mestrado na Universidade de Vigo no curso 2018/2019 e, en todo caso, antes do 30 de agosto de 2019.
- Redactar e defender as teses e os traballos fin de grao e de mestrado integramente en lingua galega para o que debe presentar o informe do director/a ou titor/a no curso 2018/2019, e en todo caso antes do 30 de agosto de 2019.
- Obter unha cualificación mínima de notable (8) no traballo de fin de grao ou no traballo de fin de mestrado.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas son incompatibles con calquera outra obtida para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN E PAGAMENTO

Os fondos destinados a estas axudas irán con cargo á aplicación orzamentaria 2019 0000 421S NLI 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 12.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

Se non houber impedimento, esta actividade formará parte do anexo do convenio de colaboración en materia de normalización lingüística que asinan anualmente a Universidade de Vigo e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

As contías serán:

- Tese de doutoramento: 600 €
- Traballo de fin de grao e traballo de fin de mestrado: o importe adxudicado será o resultado de repartir entre as 25 persoas premiadas o crédito restante despois da adxudicación dos premios á teses de doutoramento, ata un máximo de 400 €.

Durante a vixencia desta convocatoria, cada persoa só poderá recibir a axuda por un dos conceptos recollidos nela.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000164

CSV

GEISER-7acb-f76c-7e97-4682-91b3-fffc-1f92-745a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

04/04/2019 12:54:00 Horario peninsular

Validez del documento

Original



A contía da axuda realizarase nun único pagamento no prazo dun mes contado desde a data de resolución da convocatoria.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A solicitude realizarase a través do [formulario electrónico](#) dispoñible na páxina web do portal de bolsas da universidade e da Área de Normalización Lingüística. Unha vez cuberto o formulario, presentarse nos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera das dependencias previstas na lexislación sobre procedemento administrativo.

O prazo de presentación das solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte de publicarse esta resolución ata as 14.00 horas do **30 de agosto de 2019**.

Xunto coa solicitude deberán **subir a través do formulario electrónico** a seguinte documentación:

- Declaración do director/a da tese ou do titor/a do TFG/TFM de que o traballo se redactou e se defendeu en lingua galega ([Anexo II](#)).
- Copia do traballo ou tese.
- Calquera outra documento requirido porque resulte necesario para resolver o procedemento.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

A comisión avaliadora encargarase de seleccionar os traballos presentados de acordo coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003). Estará formada por:

- Presidente: Fernando Ramallo Fernández (director da ANL)
- Vogais: Eva María Castro Figueiras e María Cristina Rodríguez Ricart (técnicas da ANL)

A comisión encargarase de avaliar a calidade lingüística dos traballos atendendo aos seguintes criterios:

- Coñecemento da gramática: 40 %
- Calidade na redacción: 20 %
- Uso correcto da terminoloxía especializada: 20 %
- Emprego da linguaxe inclusiva: 10 %
- Ortotipografía: 10 %

Terán prioridade os premios adxudicados ás teses de doutoramento.

Unha vez efectuada a selección, e á vista da proposta da comisión avaliadora, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con axuda concedida e denegada**, con mención das causas de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, para expoñer as alegacións e presentarán o formulario nos rexistros da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións, a comisión avaliadora, a través da Sección de Axudas e Bolsas, enviaralle a proposta de **resolución definitiva de concedidas, denegadas e agarda** á Vicerreitoría de



Comunicación e Relacións Institucionais para a súa adxudicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producese a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos rexistros da Universidade e no [portal de bolsas](#) da web da universidade.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que éstas teñan a consideración de notificación.

7. OBRIGAS

A beneficiaria ou beneficiario debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

8. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

9. ASESORAMENTO PARA A REDACCIÓN

Ás persoas interesadas en redactaren e defenderen a tese de doutoramento, o traballo de fin de grao ou o traballo de fin de mestrado en lingua galega, a Universidade de Vigo, por medio da Área de Normalización Lingüística, ofrécelles apoio lingüístico e asesoramento resumido nas seguintes actividades:

- Servizo de consulta lingüística e terminolóxica.
- Asesoramento na corrección das teses.

10. PROTECCIÓN DE DATOS.

Información sobre a protección de datos no [Portal de bolsas](#).

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000164

CSV

GEISER-7acb-f76c-7e97-4682-91b3-ffc-1f92-745a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

04/04/2019 12:54:00 Horario peninsular

Validez del documento

Original



ANEXO II

DECLARACIÓN

Don/Dona....., como director/a ou titor/a do traballo de investigación da alumna ou alumno,

FAGO CONSTAR:

Que don/dona redactou e defendeu, integramente en galego, o día/...../..... o traballo titulado

E para que así conste, asino o presente documento para os efectos oportunos.

....., de de 2019

(sinatura)

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000164

CSV

GEISER-7acb-f76c-7e97-4682-91b3-ffc-1f92-745a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

04/04/2019 12:54:00 Horario peninsular

Validez del documento

Original

